



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

ASUNTO: SESIÓN 2023/14 DO PLENO EXTRAORDINARIO E URXENTE DO CONCELLO DE ABEGONDO DO LUNS DÍA 11 DE DECEMBRO DE 2023
EXPEDIENTE: 2023/G010/000014

ACTA Nº 2023/13 SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO - SALÓN DE PLENOS, luns 11 de decembro de 2023 -

No día de hoxe, ás 13:35 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión extraordinaria e urxente do Pleno.

Membros que asisten:

Alcalde-Presidente:

José Antonio Santiso Miramontes

Concelleiros:

Laura C. Calvo Quintela

Alberto Seoane Brandariz

Gustavo Manuel Quindimil Gómez

Francisca Bestilleiro Roel

Marcos Zapata Díaz

José María Caamaño Nogueira

Silvia Taboada Carro

Blandino García Roel

Escusan a súa ausencia:

Jesús García Nuñez

Jairo Bello Vidal

Ana María García Mayo

José Cañas Otero

Secretario en réxime de acumulación

Adrián J. Márquez Caramés

Interventor accidental

José Antonio Varela Doval

Asiste como secretario Adrián J. Márquez Caramés secretario en réxime de acumulación da Corporación, que dá fe do acto. Unha vez aberto este pola Presidencia. Constatase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA URXENCIA DA SESIÓN

2. DAR CONTA DO INFORME TÉCNICO DO CONCELLO DE ABEGONDO REFERIDO AO PROXECTO "LAT 220 Kv evacuación PPEE Feás e Seselle"



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [[https://sede.abegondo.gal](http://sede.abegondo.gal)] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

3. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA REMISIÓN DA DOCUMENTACIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE ABEGONDO PARA DAR CUMPRIMENTO A ORDE DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE ABEGONDO

4. MOCIÓN PRESENTADA POLO BNG RELATIVA Á CREACIÓN DUNHA ORDENANZA PARA O IMPULSO DA LINGUA GALEGA NO ÁMBITO DO CONCELLO DE ABEGONDO

5. MOCIÓN PRESENTADA POLO BNG RELATIVA Á NECESIDADE DE IMPULSAR COMPROMISOS ECONÓMICOS E ORZAMENTARIOS PARA GARANTIR A ATENCIÓN Á VIOLENCIA MACHISTA

De acordo cos requirimentos establecidos no artigo 2 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, substitúese a transcripción na acta das opinións dos/as membros asistentes ao pleno polo rexistro en soporte apto para a gravación e reprodución do son e vídeo.

Esta acta foi gravada con audio e vídeo. Consta no expediente do TEDeC 2023/G010/000014 cos seguintes datos:

HTML -----

<https://abegondo.seneca.tv:443/watch?id=N2JiZTUxYjAtNzdmOC00OWQxLWJlY2YtYzVhMDJlZTQ0Y2U2>

- Media (MASTER) -----

[1] Video Windows Media, 720p, Stereo, 481 MiB
Url - <https://abegondo.seneca.tv:443/s/iOK57YP8zmQDOotGLdgTjgqh0vcGKQt252Et7jY53e59I2rb.wmv>

SHA512 - 1f3e7b09ffa1d05cf74727e0fec6fba0c235cd267f258233a96ec7e9560dcf91e386cb88f6be0aaeb27a5405082e2de802ab4ecb9974f3c956818cdfb98dd9d7

- Media (PROXYS) -----

[1] Video H264, 480p, Stereo, 214 MiB
Url - <https://abegondo.seneca.tv:443/s/57k0XpaZMgCetxPKxeYIfWp3RD8TTpseliOY4PZ8xjHlmVhK.mp4>

SHA512 - 223d2f746dae6a37443202ef92b2ca4f0732eac10c88e1b5138f759b857be105bff67d98384f6230e6196064735eea4974e23a2fc1bb6603902fee780163d9bf

1.- APROBACIÓN , SE PROCEDE, DA URXENCIA DA SESIÓN

O alcalde presidente e o secretario poñen en coñecemento dos concelleiros e concelleiras a motivación da urxencia



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [[https://sede.abegondo.gal](http://sede.abegondo.gal)] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

da sesión, debido a que o Concello debe remitir a documentación á Xunta e que xa se tramitou todo para que esta sesión se puidese facer de xeito ordinario pero por un erro nas datas e un recurso contra a celebración do pleno impediron que se fixera de xeito ordinario. Adíase o pleno ordinario e se tratan os asuntos indicados na orde do día.

Logo da explicación, pásase a votación a urxencia, que é aprobada por unanimidade dos membros presentes.

2. DAR CONTA DO INFORME TÉCNICO DO CONCELLO DE ABEGONDO REFERIDO AO PROXECTO “LAT 220 Kv evacuación PPEE Feás e Seselle”

Dáse conta da seguinte proposta:

ASUNTO: PROPOSTA INFORME TÉCNICO DO CONCELLO DE ABEGONDO REFERIDO AO PROXECTO “LAT 220 kV evacuación PPEE Feás e Seselle”

EXPEDIENTE: 2023/X999/000399 - 2023/G006/000255

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. Anuncio no DOG Núm. 202, martes 24 de outubro de 2023 do *ACORDO do 29 de setembro de 2023, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto de interese autonómico (PIA) do proxecto da LAT 220 kV evacuación dos parques eólicos Feás e Seselle (anteriormente denominada LAT 220 kV evacuación dos parques eólicos Fontella, Feás e Seselle), nos concellos de Aranga, Coirós, Oza-Cesuras e Abegondo (expediente IN408A 2021/024).*

SEGUNDO. O Concello de Abegondo examinou o proxecto referido e logo de valoracións redactouse polos técnicos municipais o informe técnico solicitado.

TERCEIRO. Consta no expediente o informe-proposta da Secretaria.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A lexislación aplicable será a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas
- A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público
- A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia
- A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental
- A Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e a competitividade económica de Galicia
- Ley 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [[https://sede.abegondo.gal](http://sede.abegondo.gal)] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

— Directiva 2011/92/UE, do Parlamento Europeo e do Consello do 13 de decembro de 2011, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente

CONSIDERACIÓN XURÍDICAS

PRIMEIRA. En relación á solicitude de informe para o proxecto “*LAT 220 kV evacuación dos parques eólicos Feás e Seselle*” - *Nº Expte: IN408A 2021/24, redactouse por parte deste concello o informe técnico.*

SEGUNDA. Na tramitación do procedemento de outorgamento de autorizacións e de declaracións de utilidade pública non se ponderaron as utilidades públicas concorrentes que afectan directamente á xestión das competencias propias do Concello de Abegondo; así mesmo, considérase que non se xustifica adecuadamente nestes procedementos a utilidade pública que se pretende declarar, vulnerando deste modo as exixencias derivadas da doutrina ao respecto fixada polo Tribunal Supremo.

Polo tanto, considérase que o Concello de Abegondo debe opoñerse expresamente á declaración de utilidade pública do proxecto referido.

TERCEIRA. As instalacións que se proxectan están preto do Camiño de Santiago. Debe considerarse, para os efectos de formar unha visión de conxunto do impacto dos proxectos que se pretenden executar e de ponderar, polo tanto, as eventuais utilidades públicas concorrentes, xa que os ditos proxectos se pretenden situar nas proximidades do Camiño Inglés.

Logo de ver que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que procede a súa aprobación **PROPOÑO** a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Opoñerse expresamente á declaración de utilidade pública relativas ao seguinte proxectos:

- *Proxecto da LAT 220 kV evacuación dos parques eólicos Feás e Seselle (anteriormente denominada LAT 220 kV evacuación dos parques eólicos Fontella, Feás e Seselle), nos concellos de Aranga, Coirós, Oza-Cesuras e Abegondo (expediente IN408A 2021/024).*
- *Así como ao proxecto onde terminaría esta LAT 220 kv: Nova subestación 220 kV Abegondo, parque de 220 kV da nova subestación eléctrica 400/220 kV Abegondo Expediente IN407A2023/59-1, anuncio de trámite de información pública no Boletín Oficial da Provincia da Coruña do 4 de setembro de 2023, tramitada pola Xunta de Galicia.*

SEGUNDO. Aprobar formular o informe técnico asinado polos técnicos municipais e que constan no expediente relativas ao seguinte proxecto:

- *Proxecto da LAT 220 kV evacuación dos parques eólicos Feás e Seselle (anteriormente denominada LAT 220 kV evacuación dos parques eólicos Fontella, Feás e Seselle), nos concellos de Aranga, Coirós, Oza-Cesuras e Abegondo (expediente IN408A 2021/024)*

TERCEIRO. Remitir o informe técnico do Concello de Abegondo á Xefatura Territorial de A Coruña da Consellería de Economía, Industria e Innovación.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

O que propoño para os efectos oportunos.

Logo do debate, pásase á votación:

Votos a favor: 9 (José Antonio Santiso Miramontes, Alberto Seoane Brandariz, Laura C. Calvo Quintela, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Marcos Zapata Díaz, Francisca Bestilleiro Roel, José María Caamaño Nogueira, Silvia Taboada Carro e Blandino García Roel)

Abstencións: 0

Votos en contra: 0

3. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA REMISIÓN DA DOCUMENTACIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE ABEGONDO PARA DAR CUMPRIMENTO A ORDE DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE ABEGONDO

Dáse conta da proposta ditaminada favorablemente por a Comisión informativa correspondente:

ASUNTO: REMISIÓN DOCUMENTACIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE ABEGONDO PARA DAR CUMPRIMENTO A ORDE DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE ABEGONDO.

EXPEDIENTE: 2023/U031/000002

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. O Pleno do Concello de Abegondo, na sesión extraordinaria celebrada o 14 de setembro de 2023 aprobou a Aprobación Provisional do Plan Xeral De Ordenación Municipal do Concello de Abegondo. Foi remitida a a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a documentación do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Abegondo, así como a tramitación administrativa necesaria para proceder a súa aprobación definitiva.

SEGUNDO. A Resolución do 24 de outubro de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo fai pública a Orde da aprobación definitiva do Plan xeral de ordenación municipal do concello de Abegondo foi publicada no DOG 210 do 06.11.2023.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación aplicable vén determinada por:

- Os artigos 45 e seguintes da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.
 - Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, aprobado polo Decreto 143/2016, de 22 de setembro.
 - A Lei 21/2013, de 9 de decembro, de Avaliación Ambiental.
 - O Texto Refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana, aprobado por Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro.
 - Os artigos 22.2.c) e 47.2. II) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Sen carácter exhaustivo, entre outras, é aplicable a Lexislación sectorial correspondente.

CONSIDERACIÓNS



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

PRIMEIRA. Os Plans Xerais de Ordenación Municipal, como instrumentos urbanísticos de ordenación integral, abarcarán un ou varios termos municipais completos, clasificarán o solo para o establecemento do Réxime Xurídico correspondente, definirán os elementos fundamentais da estrutura xeral adoptada para a ordenación urbanística do territorio e establecerán as determinacións orientadas a promover o seu desenvolvemento e execución.

SEGUNDA. O Plan Xeral de Ordenación Municipal deberá establecer as determinacións establecidas nos artigos 52 a 57 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, dependendo do tipo do solo ao que faga referencia.

TERCEIRA. En cumprimento do disposto no artigo 82 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e nos artigos 144.18 e 199 do Decreto 143/2016, do 23 de setembro, polo que se aproba o seu regulamento, faise pública a aprobación definitiva do Plan xeral de ordenación municipal do concello de Abegondo, mediante a Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, do 19 de outubro de 2023. Outorgase a aprobación definitiva do Plan xeral de ordenación municipal do concello de Abegondo, con suxeición ao cumprimento das condicións sinaladas no punto II (Análise e consideracións) da mencionada Orde.

CUARTA. Segundo o artigo 109.2 da Lei 39/2015 da lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas "As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos".

Concluídos os traballos de elaboración do Plan Xeral de Ordenación Municipal e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable, procedendo a súa aprobación polo Pleno deste Concello, de conformidade co previsto no artigo 60.13 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, e nos artigos 22.2.c) e 47.2. II) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, **PROPOÑO**, previo ditame da comisión informativa correspondente, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Remitir a documentación para dar cumprimento a Orde de aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Abegondo na que se corrixen erros de acordo á documentación que se xunta en documento á parte.

SEGUNDO. Notificar este acordo á Consellería competente en materia de Urbanismo.

Logo do debate, pásase á votación:

<p>Votos a favor: 8 (José Antonio Santiso Miramontes, Alberto Seoane Brandariz, Laura C. Calvo Quintela, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Marcos Zapata Díaz, Francisca Bestilleiro Roel, José María Caamaño Nogueira e Silvia Taboada Carro)</p> <p>Abstencións: 1 Blandino García Roel)</p> <p>Votos en contra: 0</p>

4. MOCIÓN PRESENTADA POLO BNG RELATIVA Á CREACIÓN DUNHA ORDENANZA PARA O IMPULSO DA LINGUA GALEGA NO ÁMBITO DO CONCELLO DE ABEGONDO

Blandino García Roel, con DI nº 79321130H, en calidade de concelleiro do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG), e voceiro do mesmo no Concello de Abegondo, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

seguinte moción para o seu debate no Pleno.

Exposición de motivos:

Hai que empregar o galego en divulgación; o único xeito de emocionar é usar a propia lingua" Angel Carracedo director do laboratorio de Medicina Legal de Santiago.

O Estatuto de Autonomía de Galiza de 1981, no seu artigo 5, declara o galego "lingua propia de Galiza", proclama a súa oficialidade e confírelles aos poderes públicos a obriga de potenciar o seu uso en todos os ámbitos da vida pública, cultural e informativa.

Do mesmo xeito, a Lei 3/1983 de normalización lingüística establece que a lingua galega "é a maior e máis orixinal creación colectiva dos galegos, e a verdadeira forza espiritual que lle dá unidade interna á nosa comunidade".

Como consecuencia deste principio, determina no seu artigo 4 o carácter oficial do galego como lingua da Administración autonómica, da Administración local e das entidades públicas dependentes da

Comunidade autónoma.

Nesta liña, o artigo 6.3 di que "os poderes públicos de Galiza promoverán o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións cos cidadáns", e o artigo 25º establece que "o Goberno galego e as Corporacións locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras".

A Lei 5/1988 do uso do galego como lingua oficial polas entidades locais establece no seu artigo 1º que "as convocatorias de sesións, ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo, ditames das comisións informativas e actas das entidades locais de Galiza redactaranse en lingua galega". A Lei 5/1997 de administración local de Galiza determina no seu artigo 7 o seguinte: "O galego, como lingua propia de Galiza, éo tamén da súa Administración local. As convocatorias de sesións, ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo, ditames das comisións informativas, actas, notificacións, recursos, escrituras públicas, comparecencias xudiciais e todos os actos de carácter público ou administrativo que se realicen por escrito en nome das Corporacións locais redactaranse en lingua galega".

Achegamos tamén que normalizar a lingua significa recuperar o seu uso en todos os ámbitos, que a normalización lingüística é un proceso que ten como protagonista principal a sociedade galega e que os poderes públicos teñen a responsabilidade de apoiar e promover este proceso segundo todos os preceptos legais anteriormente mencionados.

O concello de Abegondo debe asumir a súa responsabilidade tanto no ámbito político-administrativo (abeirado na Lei de normalización lingüística e na Lei do uso do galego como lingua oficial polas entidades locais) como no ámbito social diante do pobo, pois a opinión pública outórgalles aos concellos unha responsabilidade de primeira orde inmediatamente despois da Xunta, ademais de ser a administración máis próxima á veciñanza, e que lle confire un protagonismo preferente para desenvolver actuacións, actividades, programas e accións encamiñadas á implicación cidadá, á recuperación social, á dinamización e ao incremento do uso e prestixio do idioma propio e oficial de Galiza nos distintos ámbitos e sectores sociais. Uso, o do galego, que está mingando no noso concello de forma alarmante nas xeracións máis novas.

Por canto antecede, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación a aprobación dos seguintes

ACORDOS

1-. Instar ao Goberno municipal a elaborar e presentar ao Pleno do Concello de Abegondo para a súa aprobación, se procede, unha Ordenanza para o impulso e o uso da lingua galega, a cal establecerá as accións que o Concello de Abegondo debe emprender, así como os criterios lingüísticos para seguir nas diferentes accións, ámbitos de



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

actuación e situacións comunicativas.

2-. Instar o Goberno Municipal a continuar ou, no seu caso comezar a aplicar, as seguintes medidas concretas previstas no Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega:

2.1-. Estabelecer que nos pregos de condicións dos concursos, se inclúa de oficio a cláusula de que “as ofertas e estudos técnicos que se acompañen deberán, polo menos, estar redactados en galego”.

2.2-. Estabelecer que todos os departamentos e organismos dependentes do Concello teñan a lingua galega como lingua xeral de referencia escrita e oral (prevalecendo sempre o criterio de oferta positiva).

2.3-. Estabelecer que os actos xurídicos documentados e as relacións xurídicas da Administración Local – incluídas as intervencións xudiciais da Administración-, que se refiran a actividades de ámbito galego, se redacten normalmente en lingua galega.

2.4-. Estabelecer que todos os traballos topográficos e cartográficos que fagan ou encarguen as administracións teñen que levar incorporada a recollida da microtoponimia consonte o sistema deseñado pola Comisión de Toponimia e que o material toponímico sexa remitido ao SITGA, para a súa organización e posta a disposición da sociedade na rede.

2.5-. Estabelecer que todos os contratos e axudas públicas de calquera tipo, deberán producir un aumento efectivo da presenza do galego na entidade receptora, avaliando tamén o cumprimento.

2.6-. Estabelecer normas xerais e uniformes sobre a capacidade lingüística que se deben exixir nos procesos de acceso á función pública e no desempeño da súa función.

2.7-. Programar un novo proceso de formación lingüística do funcionariado que teña como obxectivo mellorar a fluidez e mais o coñecemento do vocabulario técnico específico.

2.8-. Estabelecer que as respostas telefónicas das administracións locais sexan nun comezo en galego, para cumprir así co principio de oferta positiva.

2.9-. Impulsar o reforzamento do Servizo de Normalización

Lingüística para que poida desenvolver accións de promoción da lingua galega e coordine a posta en marcha do sinaladonesta moción.

2.10-. Estabelecer que as escolas infantís municipais garantan cando menos o 50% de presenza do galego en toda a súa actividade e que conten con materiais en galego.

3-. Facultar a Alcaldía e a concelleira en quen delegar a tomar cantas medidas foren necesarias para cumprir estes acordos.

O alcalde solicita que se quede a moción no punto primeiro e que se pase á normalizadora lingüística para que prepare unha proposta, o que é aceptado polo concelleiro propoñente da moción e é aprobada por unanimidade dos membros presentes.

5. MOCIÓN PRESENTADA POLO BNG RELATIVA Á NECESIDADE DE IMPULSAR COMPROMISOS ECONÓMICOS E ORZAMENTARIOS PARA GARANTIR A ATENCIÓN Á VIOLENCIA MACHISTA



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

Blandino García Roel, con DI nº 79321130H, en calidade de concelleiro do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG), e voceiro do mesmo no Concello de Abegondo, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

Exposición de motivos:

Ante o negacionismo e a banalización da violencia machista, é urxente un compromiso político e orzamentario firme por parte de todas as institucións.

Máis aínda nun contexto no que vimos de ver como no que vai de 2022 aumentaron os feminicidios tanto na Galiza como no conxunto do Estado.

Esta situación, que se dá ademais nun contexto sociopolítico de avance dos discursos machistas, debe facer saltar todas as alertas nas administracións públicas e levar á revisión dos mecanismos previstos para mellorar a prevención e a intervención, así como para concienciar á sociedade das consecuencias do patriarcado e da falsidade dos discursos que cuestionan a súa existencia.

O pasado 13 de outubro o Observatorio de Violencia do Consello Xeral do Poder Xudicial facía públicos os datos máis recentes respecto da violencia contra a muller na estatística xudicial, que nos permiten ver unha parte da súa enorme dimensión ao térense rexistrado no primeiro semestre de 2023 un total de 1707 denuncias. Pola súa banda, na Memoria 2023 (Exercicio 2022) da Fiscalía de Galiza recóllense máis de 5.000 delitos incoados como violencia de xénero e máis de 1.600 contra a liberdade e a identidade sexual.

Por outra banda, un dos ámbitos que máis preocupa ás persoas expertas é o do lecer o ocio nocturno e o coñecemento de violacións e agresións sexuais en grupo e por parte de agresores mozos.

Lamentablemente, no verán de 2023 coñecemos agresións sexuais múltiples a través dos medios de comunicación que nos recordan a necesidade de avanzar, como é o caso da violación de dous agresores no Porriño a unha moza no contexto dunhas festas ou a agresión sexual tamén cometida por dous mozos a unha moza nas festas de Monforte en agosto e recentemente vimos de coñecer polos medios de comunicación outra agresión sexual múltiple en Sarria. Aínda que o Parlamento galego acordou, a proposta do BNG, impulsar un Protocolo específico para este ámbito en febreiro de 2023, e a Xunta afirmou que estaría listo antes do verán, continúa sen estar activado.

A violencia machista debe ser unha prioridade política, social e institucional de primeira orde e fronte a efemérides rituais e baleiras de contido, temos unha responsabilidade colectiva á hora de fixar novos compromisos como adecuar as axudas á escalada de prezos e comprometer máis recursos, así como esixir o cumprimento daquelas cuestións que aínda están sen desenvolver na Lei galega contra a violencia machista, como é a atención psicolóxica na atención primaria.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción do seguinte ACORDO :

1.- Expresar o seu rexeitamento ante o avance dos discursos negacionistas e banalizadores da violencia machista, e a súa preocupación ante os retrocesos en dereitos que está a impulsar a dereita en diversas institucións no conxunto do Estado malia o aumento dos feminicidios que estamos a vivir durante o 2023, así como o seu apoio ás demandas do feminismo galego.

2.- Instar á Xunta de Galiza a incrementar os recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero do proxecto de orzamentos de 2024 de forma que se sitúen como mínimo, no 1% do total e así dotar de suficientes recursos para que se rectifique a liña de incumprimento da Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero en aspectos como a atención psicolóxica na atención primaria (artigo 25) e se avance en medidas concretas como elevar as contías da prestación periódica



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

(artigo 39) para actualizalas conforme ao incremento do IPC.

3.- Instar á Xunta de Galiza a incrementar os esforzos na prevención e na loita contra a violencia sexual, acelerando os traballos encamiñados ao cumprimento dos acordos parlamentarios en materia de aprobación e aplicación dun protocolo de prevención e intervención fronte agresións sexuais no marco do ocio nocturno e impulsando no curso 2023/2024 unha campaña específica sobre a violencia sexual e os recursos no ámbito do ensino secundario e universitario para espallar o seu coñecemento entre a poboación máis nova.

4.- Demandar da Xunta de Galiza a aprobación dun programa de ampliación e extensión dos CIM a través das seguintes medidas:

4.1 O incremento da achega económica do programa de axudas e subvencións de apoio aos CIM co obxectivo de reforzar e ampliar a rede galega de CIM facendo especial énfase na creación destes centros naqueles concellos e comarcas nos que actualmente non existen ou están sobrecargados.

4.2 A contía económica máxima que a Xunta de Galiza achegará para o financiamento dos CIM a través da liña de axudas anual terá en conta a fixación de ratio mínimas de persoal que deberán establecerse en función do número de mulleres potencialmente usuarias do servizo así como a contratación a xornada completa, como mínimo, de todo o persoal que sexa obrigatorio para a acreditación do CIM. Así mesmo, o Programa de apoio aos CIM procurará que o orzamento garanta non só o pagamento dos custes de persoal e de mantemento senón tamén o desenvolvemento de actividades e programas de prevención da violencia machista e a promoción da igualdade.

4.3 Impulso das actuacións necesarias para que a normativa que regula os CIM amplíe o persoal mínimo para a acreditación dos centros para incorporar novos perfís profesionais, nomeadamente, persoal técnico en igualdade e persoal administrativo.

5.- Que o concello de Abegondo inicie os trámites necesarios para a través da correspondente achega da Deputación da Coruña contratar un ou unha Técnico de igualdade que permita desenvolver actividades de rexeitamento da violencia machista, de educación en novas masculinidades, de respecto e coñecemento da diversidade sexual, de promoción, divulgación e formación das realidades que sofren as persoas con diversidade funcionais, cognitivas, sensoriais, comunicativas etc.

O alcalde solicita que deixe o asunto pendente ou que se redacte de modo mais xenérico para acomodarse ás competencias municipais e que se comprobe con servizos sociais a idoneidade das medidas a adotar, e se é así a votarán a favor, se non, terán que votala en contra, o que é rexeitado polo concelleiro propoñente da moción que en todo caso indica que se tramite o tema da axente de igualdade.

Non habendo mais debate, pásase á votación:

Votos a favor: 1 (Blandino García Roel)

Abstencións: 0

Votos en contra: 8 (José Antonio Santiso Miramontes, Alberto Seoane Brandariz, Laura C. Calvo Quintela, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Marcos Zapata Díaz, Francisca Bestilleiro Roel, José María Caamaño Nogueira e Silvia Taboada Carro)

Polo que a moción queda desestimada.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

Ás 14:12 horas non hai máis asuntos que tratar, polo que, por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu dou fe.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.